

O LÁNGUIDO OCASO DUNHA DALIA

(Primer premio) Cruz Martínez Vilas

De novo esperto co mesmo diálogo
co melodrama que tanto me aterra
Sinto os fríos beixos na miña fronte
e experimento
o lánguido ocaso dunha dalia

A disfasia acomódase na miña gorxa
feble
e inconscientemente
trazo as primeiras liñas do mapa
que me representa

Teño danada a xeografía
Implícitas secuelas, tatúanse na pel
coa persistencia dunha praga invasora
que chegou no convoi das 19:30
e teima con quedarse

Ao meu carón
escoito a máis alta elite da palabra [que crea cátedra]
e eu, no [interfáce]

observo a húmida corola do estraloque
Fico impávida coma unha estatua
na aneboada tarde de choiva
baixo o meu paraugas riscado en gris

Os meus pés mollados sotérranse na lagumeira
que me nace coma unha raíz
Embaixo, ben pouca cousa hai
Uns cantos soños
subsisten envolvidos en formol

Exiliados poemas de rinchos anguriados
morden con carraxe o xeado pecho
que os encerra

Xa hai tempo que non abro a boca para cantar
agora, só choro cara dentro

Hoxe todas as tempestades
semellan estricar parágrafos inintelixíbeis
enriba das ruínas que se manteñen en pé
coa desgana dun que está morto

Ás veces, tamén é verdade
que me perdo entre as memorias
Adoito mirar cara o bosque
e transformome nunha amoria
con sinais de peteiradas nas coxas
Cerro os ollos e ouzo, coma nun soño
o son dun peto entre os carballos

Unha tarde, na que o sol decidiu non aparecer
Un cadelo melancólico
non para de ouvear no cuarto andar
Por mais que tapo os ouvidos coas mans
as tempas estoupan, roulan polo chan
derrubadas partículas das feridas, de meu

A luz sorprendeume acendendo soa
coido que
un postergate vive na miña cociña
Configúrase aos poucos
e eu, acólloo
métoo nun bote de cristal e píddolle cousas
coma se fose o xenio da lámpada
Fóra, segue chovendo
Rabuñan as notas dun réquiem
nos vidros da xanela
e os ollos decaen, afogados no vaso de auga
agrelando metrallas
no ebrio amencer dunha carauta